

MANDAS DO MECO

O luns, trece
trae algo na cabeza,
pois comeza o entroido
que non che de pereza.

O martes, día catorce
trae os zapatos diferentes,
e ponte algo vermello
se namorado te sentes.

O mércores, día quince
no teu corpo has de poñer
algo que chame a atención
e simpático deberá ser.

O xoves, día dezaseis
se no cole queres entrar
disfrázate do que queiras
e así poderás pasar.

E o venres, día dezasete...
¡¡Branca neves e os ananiños
por Boborás desfilarán
e a gran chocolatada comerán!!

MANDAS DO MECO

Durante a vindeira semana, do luns 13 de febreiro ata o venres día 17 de febreiro, celebraremos a festa do entroido. Desta maneira, cada día os nenos e nenas deberán prepararse para participar e gozar do que o Meco ordene. A continuación detallamos as mandas do Meco para cada un dos días:

Luns, 13 de febreiro: cada neno ou nena deberá levar algo na cabeza: gorro, perruca, coroa, diadema...

Martes, 14 de febreiro: deberán traer os zapatos diferentes e algo vermello.

Mércores, 15 de febreiro: deberán vestir algunha cousa divertida: mandil, bata, colares, garabata...

Xoves, día 16 de febreiro: cada un virá disfrazado do que lle apeteza, o disfrace é libre.

NOTA: Deixade voar a vosa imaxinación e ¡Feliz Entroido!